



OBXECTIVOS DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

ODS

CEIP PLURILINGUE ROSALIA DE CASTRO

Que son os ODS da Axenda 2030?



INFORMACIÓN DE PANCHO E FLORA PARA AS FAMILIAS I

Que son os ODS da Axenda 2030?

Os obxectivos de desenvolvemento sustentable son unha lista de 17 prioridades globais adoptadas pola Organización das Nacións Unidas (ONU) e polos países que a forman. O que se busca con estes é: erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todos e todas. Veamos a grandes rasgos cales son:

- 1) Fin da pobreza.
- 2) Fame cero
- 3) Saúde e Benestar
- 4) Educación de Calidade
- 5) Igualdade de Xénero
- 6) Auga limpa e Saneamento
- 7) Enerxía asequible e non Contaminante
- 8) Traballo decente e Crecemento económico
- 9) Industria, Innovación e Infraestrutura
- 10) Reducción das Desigualdades
- 11) Ciudades e Comunidades Sustentables
- 12) Produción e Consumo Responsables
- 13) Acción polo Clima
- 14) Vida Submarina
- 15) Vida de Ecosistemas Terrestres
- 16) Paz, Xustiza e Institucións Sólidas
- 17) Alianzas para lograr os obxectivos



Cada un destes obxectivos ten metas concretas que deben alcanzarse no ano 2030. Para lograr estas metas, tod@s temos que poñer da nosa parte (os gobernos, as empresas e tamén a sociedade).



CONSELLOS DE PANCHO E FLORA



Como podemos incorporar estes obxectivos no noso día a día?

Pois, debemos intentar vivir dunha maneira máis sostible no colexio, no noso traballo e na casa. Por exemplo: Mellorando os noso hábitos de consumo, aforrando enerxía ou coidando a flora e a fauna...

Parece complicado verdade? Tod@s xuntos podemos deixar pegadas. Aquí vos deixamos algúns consellos:

- 1) Apaga as luces se non as necesitas ou apaga os electrodomésticos cando non se están utilizando. Aforrarás moita enerxía.
- 2) Date duchas curtas en lugar de encher a bañeira. Así non malgastarás auga.
- 3) Recicla todos os materiais que poidas. Así axudas a conservar os recursos naturais.
- 4) Viaxa en transporte público ou en bicicleta. Así reducirás a contaminación.
- 5) Dona as cousas que non utilices, así terán unha segunda vida e serán un recurso xenial para xente que o necesita. Seguro que o agradecen.
- 6) Usa unha botella de auga que poidas encher. Reducirás o uso de plásticos.
- 7) Infórmate sobre temas de desenvolvemento sustentable en medios de comunicación fiables, pero tamen fala deste tema coa túa familia e amigos. Seguro que neste intercambio xorden ideas para mellorar moitas cousas.

INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS II

“Tod@s xunt@s deixamos pegadas”



Como ves o respecto polo planeta é unha responsabilidade de todos e todas, e cada un de nós pode facer algo por pequeniño que sexa que axude a preservalo.



Non esquezas que o planeta é o noso fogar, e os seus habitantes, os nosos veciños. Coidándolo aseguraremos o noso benestar e o noso futuro. Intentámolo xuntos?

PODES OBTENER MÁIS INFORMACIÓN

Nos seguintes enlaces:



<https://www.educacionfpydeportes.gob.es/biblioteca-central/va/blog/2024/febrero/agenda-2030-educacion.html>

https://cooperacion.xunta.gal/sites/w_coopga/files/estudios/estudio_implantacion_de_los_ods_en_la_xunta_de_galicia.pdf

[HTTPS://WWW.UNICEF.ES/CAUSAS/ESPANA/ESTUDIOS-
INVESTIGACION/INFANCIA-ODS](https://www.unicef.es/causas/espaa/estudios-investigacion/infancia-ods)

<https://www.mdsocialesa2030.gob.es/agenda2030/herramientas-pedagogicas/documentos/guia-primaria.pdf>

